

ACTA DA XUNTA ELECTORAL

SORTEO DA MESA ELECTORAL PARA A ASEMBLEA XERAL CONSTITUTIVA, ELECCIÓN DA PRESIDENCIA E ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Nº: 09/26

Data: 17 de xuño de 2026

Hora: 12:00 horas

Modalidade: Reunión telemática

ASISTENTES:

1. D. Javier Nogueira Garrido
2. D. Alberto Prieto Álvarez
3. D. Carlos Rodríguez Vicente

Actúa como Secretario D. Carlos Rodríguez Vicente, quen levanta a presente acta.

ORDE DO DÍA

1. Realización do sorteo para a designación das persoas membros da mesa electoral da Asemblea Xeral constitutiva e de votación á Comisión Delegada.
2. Constancia da existencia dunha única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán e efectos sobre a votación á Presidencia.
3. Publicidade, comunicación e notificación das persoas designadas.

EXPÓN

Primeiro.– Que o Regulamento Electoral da Federación Galega de Balonmán prevé a constitución dunha mesa electoral para a votación á Presidencia e á Comisión Delegada, composta por tres membros da Asemblea Xeral: unha presidencia, unha secretaría e unha vogalía, elixidas por sorteo entre as persoas asembleístas, sen que poidan formar parte dela as persoas candidatas á Presidencia nin á Comisión Delegada.

Segundo.– Que o sorteo se realiza na data, hora e lugar previstos no Regulamento Electoral para o suposto de ter que esgotar o período de reclamacións, ás 12:00 horas na sede federativa.

Terceiro.– Que na data da presente sesión consta unha única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán, presentada por D. Bruno López Molina.

Cuarto.– Que, de conformidade co Regulamento Electoral e co Decreto 16/2018, no caso de que se presente unha soa candidatura á Presidencia non se efectuará votación. En consecuencia, de manterse esta situación tras a proclamación definitiva, a Asemblea Xeral constitutiva non celebrará votación á Presidencia, limitándose a deixar constancia formal da dita circunstancia e continuando, se procede, coa elección da Comisión Delegada.

Quinto.– Que a designación resultante do presente sorteo se realiza para garantir a correcta constitución da mesa que presidirá a Asemblea Xeral constitutiva e desenvolverá as funcións electorais correspondentes, especialmente no relativo á elección dos membros da Comisión Delegada.

A Xunta Electoral, tras a correspondente deliberación, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.– Realización do sorteo

Procédese á realización do sorteo entre as persoas membros da Asemblea Xeral que non incorran en causa de incompatibilidade, excluíndo, en todo caso, as persoas candidatas á Presidencia e as persoas candidatas á Comisión Delegada, se as houber.

Unha vez realizado o sorteo, a orde de extracción das persoas designadas é a seguinte:

Orde	Nome e apelidos	DNI/NIE	Estamento entidade /	Observacións
1	Anxo Otero Sieiro	44086076K	Adestradores/as	
2	Montserrat Rey Salorio	32790860J	Clubs	
3	Víctor M. Rivera Diz	36149909G	Árbitros/as	

Aplicado o criterio regulamentario de idade, a mesa electoral queda designada do seguinte xeito:

Cargo na mesa	Nome e apelidos	DNI/NIE	Sinatura aceptación / observacións
Presidencia	Montserrat Rey Salorio	32790860J	
Secretaría	Anxo Otero Sieiro	44086076K	
Vogalía	Víctor M. Rivera Diz	36149909G	

A Presidencia da mesa corresponderá á persoa de maior idade e a Secretaría á persoa de menor idade entre as designadas, actuando a terceira como Vogalía. Ata que conclúa a elección da Presidencia da Federación, exercerán igualmente as funcións de Presidencia e Secretaría da Asemblea Xeral, nos termos previstos regulamentariamente.

SEGUNDO.– Incompatibilidades e substitucións

Faise constar que non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas á Presidencia da Federación nin as candidatas á Comisión Delegada. No caso de que algunha das persoas designadas resultase incompatible, renunciase por causa xustificada ou non puidese desempeñar a función encomendada, a Xunta Electoral adoptará o acordo de substitución que proceda, deixando constancia mediante a correspondente dilixencia ou acta complementaria.

TERCEIRO.– Non celebración de votación á Presidencia

Faise constar expresamente que, ao existir unha única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán, a de D. Bruno López Molina, non se efectuará votación á Presidencia, sempre que a dita candidatura sexa elevada a definitiva nos termos previstos no calendario electoral. Esta circunstancia deberá facerse constar na sesión da Asemblea Xeral constitutiva, continuando o procedemento electoral, se procede, coa votación correspondente á Comisión Delegada.

CUARTO.– Publicidade e notificación

Acordase publicar a presente acta polos medios oficiais da Federación Galega de Balonmán no apartado “ELECCIÓN 2026”, así como comunicar a designación ás persoas que resulten membros da mesa electoral, coa indicación das obrigas que lles correspondan e das instrucións específicas para a Asemblea Xeral constitutiva.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as doce horas e trinta minutos (12:30 h), do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Xunta Electoral

Fdo.: Carlos Rodríguez Vicente